

PROXECTO EDUCATIVO DE CENTRO

O CONTEXTO



ÍNDICE

1. INTRODUCCIÓN E MARCO LEGAL	4
2. DATOS E HISTORIA DO CENTRO	6
3. CARÁCTERÍSTICAS DA CONTORNA	6
4. AS FAMILIAS	8
5. O ALUMNADO	8
6. RELACIÓN CON OUTRAS INSTITUCIÓN	9
7. VALORES E PRINCIPIOS PRIORITARIOS	9
8. CARACTERÍSTICAS SINGULARES DO CENTRO	10
9. OBXECTIVOS PRIORITARIOS	11
10. MEDIDAS PRIORITARIAS	13
11. ORGANIGRAMA	22

1. INTRODUCCIÓN E MARCO LEGAL

Os cambios introducidos na lexislación educativa fan necesaria a redacción dun documento que fixe unhas normas claras e prácticas para concretar tanto o currículo coma outros aspectos e actuacións xerais e ao mesmo tempo que defina a identidade do noso centro e a realidade socio-económica e cultural da contorna. Este Proxecto Educativo será o marco no que se sustenten as liñas de actuación de toda a comunidade educativa e no que se recollan os logros que pretendemos conseguir.

As leis, ordes e decretos que serven de base a este proxecto son as que se enumeran nos apartados que van a continuación:

- A ideoloxía do centro segue os principios de:
 - ✓ Declaración Universal de Dereitos Humanos de 1948.
 - ✓ A Constitución Española de 1978.
 - ✓ O Estatuto de Autonomía de 1981.
- Os aspectos educativos están regulados por:
 - ✓ A Lei Orgánica 8/2013, do 9 de decembro (LOMCE), para a mellora da calidade educativa.
 - ✓ A lei Orgánica de Educación 2/2006 do 3 de maio (LOE).
 - ✓ A Lei Orgánica Reguladora do Dereito á Educación 8/1985 (LODE).
- O funcionamento deste IES está regulado por:
 - ✓ Regulamento Orgánico dos Institutos de Educación Secundaria (Decreto 324/1996, do 26 de xullo. DOG 09/08/96).
 - ✓ Orde o 1 de agosto de 1997 pola que se ditan instrucións para o desenvolvemento do Decreto 324/1996 (DOG 02/09/97).
- A normativa do currículo vén establecida por:
 - ✓ Decreto 86/2015, do 25 de xuño, polo que se establece o currículo da educación secundaria obrigatoria e do bacharelato na Comunidade Autónoma de Galicia.
 - ✓ Resolución do 9 de xuño de 2017 da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa, pola que se ditan instrucións para a adopción das medidas necesarias para a aplicación do disposto no Real Decreto 562/2017, do 2 de xuño, polo que se regulan as condicións para a obtención do título de Graduado en Educación Secundaria Obrigatoria.

- Os dereitos e deberes do alumnado están recollidos en:
 - ✓ Lei 4/20011, do 30 de xuño, de convivencia e participación da comunidade educativa.
 - ✓ Decreto 8/2015, do 8 de xaneiro, polo que se desenvolve a Lei 4/2011, do 30 de xuño, de convivencia e participación da comunidade educativa en materia de convivencia escolar.
- A Dinamización da lingua está regulada por:
 - ✓ Decreto 79/2010, do 20 de maio, para o plurilingüismo no ensino non universitario de Galicia.
- A admisión do alumnado está regulada por:
 - ✓ Decreto 254/2012 do 13 de decembro.
 - ✓ Orde do 12 de marzo de 2013 pola que se desenvolve o procedemento para a admisión do alumnado en centros docentes sustentados con fondos públicos que imparten ensinanzas do 2º ciclo de educación infantil, de educación primaria, da ESO e de bacharelato reguladas na Lei Orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación.
 - ✓ Orde do 25 de xaneiro de 2017, pola que se modifica a Orde do 12 de marzo de 2013.
- A administración dos recursos económicos do centro está regulada por:
 - ✓ Decreto 201/2003, do 20 de marzo, polo que se desenvolve a autonomía na xestión económica dos centros docentes públicos non universitarios.
 - ✓ Orde do 12 de xaneiro de 1988 pola que se regula a aprobación e xustificación dos gastos de funcionamento dos centros docentes públicos de niveis non universitarios.
- Os protocolos de actuación en cuestións administrativas deberán ter presentes a lei que os regulan para as administracións públicas:
 - ✓ Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.
 - ✓ Lei 40/2015, do 1 de outubro, do Réxime Xurídico do Sector Público.

2. DATOS E HISTORIA DO CENTRO

NOME	IES Cabo Ortegal
CÓDIGO	15021755
CIF	Q6555506B
DIRECCIÓN	Pozo de Pereira Nº 22 - 15360 Cariño. A Coruña.
TELÉFONO	881960101
FAX	881960101
CORREO E.	ies.cabo.ortegal@edu.xunta.es
WEB	www.edu.xunta.es/centros/iescaboortegal
COLEXIO ADSCRITO	CEIP Manuel Fraga Iribarne

O IES Cabo Ortegal é un centro público dependente da Consellería de Educación situado no Concello de Cariño. En funcionamento dende o curso 1980/81 nun emprazamento distinto do actual, as instalacións coas que conta hoxe en día son relativamente recentes. No curso 2005/06 procedeuse á entrega das obras das novas instalacións e á demolición do vello instituto.

3. CARÁCTERÍSTICAS DA CONTORNA

O CONCELLO

Cariño é un concello costeiro situado ao norte da provincia da Coruña. Constituíuse como tal no ano 1988, trala súa segregación do concello limítrofe de Ortigueira. O termo municipal ten unha superficie de 47,19 km² e o Padrón municipal a 1 de xaneiro de 2014 indica que ten unha poboación de 4241 habitantes.

A poboación cariñesa vén descendendo nos últimos anos de xeito importante (dende 1996 ata a actualidade a caída supera o 20%), e concéntrase principalmente no núcleo urbano do concello.

CARACTERÍSTICAS SOCIOCULTURAIS

A primeira institución que debemos destacar é o outro centro educativo existente na localidade, o CEIP Manuel Fraga Iribarne, do que procede practicamente o 100 % do noso alumnado.

A actividade cultural da vila concéntrase ao redor da Casa da Cultura, que está dotada dun pequeno auditorio, dunha sala de exposicións e dunha de ordenadores, e na que se atopa emprazada a Biblioteca Municipal.

Á hora de practicar deporte, destacan o pavillón deportivo municipal e a nova piscina do Concello, así como distintas pistas nas que practicar fútbol sala, baloncesto, pádel... A oferta municipal no referente a actividades deportivas inclúe cursos de patinaxe, natación, fútbol (en colaboración co C.D. Cariño), entre outras.

Outras entidades a ter en conta, xa no eido cultural, son a Agrupación Folclórica San Xiao do Trebo, a Agrupación de Teatro Metamorfose (que organiza unha mostra anual de teatro en galego), a Coral Polifónica ou a Rondalla de Cariño. A primeira delas oferta cursos de gaita e percusión, pandeireta e baile, que se engaden ás actividades que o Concello oferta (moitas delas en colaboración coa Asociación de Amas de Casa de Cariño): ioga, pintura, informática...

CARÁCTERÍSTICAS ECONÓMICAS

Polo que respecta ao emprego, Cariño destaca polo peso que o sector primario ten en comparación con outros concellos da comarca, froito da tradicional importancia da industria pesqueira para a economía da zona (de feito a grande maioría dos empregos do sector secundario achégaos a industria conserveira). A dinamización do turismo nos últimos tempos contribuíu tamén a que a importancia relativa do sector servizos se incrementara. Evidentemente, hai que ter en conta a incidencia da crise económica que está a atravesar o noso país nos últimos anos, que levou consigo un aumento da taxa de paro non só nos sectores anteriormente mencionados, senón tamén nun sector que hai un tempo tiña un peso máis importante na nosa economía como é caso do da construción, o que nos lembra que unha das cuestións que máis presentes debemos ter á hora de planificar a nosa oferta é o posible cambio de actividades e intereses formativos que a medio e longo prazo pode provocar o feito de que grandes viveiros de emprego do municipio se atopen en sectores en perigo de retroceso.

Ao feito de que Cariño presente certas deficiencias no que a vías de comunicación ou transporte se refire á hora de salvar as distancias que o separan dos núcleos máis próximos (ben sexan núcleos de entidade como Ferrol ou mesmo Viveiro ou vilas próximas como

Ortigueira ou Cedeira), podemos sumarlle que Cariño é un concello pequeno, tanto en extensión como en poboación, en relación a outros da súa área de influencia, o que nos coloca nunha situación difícil á hora de poder acceder a outras opcións laborais, culturais ou mesmo educativas..

CARÁCTERÍSTICAS LINGÜÍSTICAS

Cariño é unha vila mariñeira cunha grande maioría de castelán falantes debido a diversas causas:

- Interrupción do proceso de transmisión interxeracional do galego, debido entre outras causas, a que o turismo, a maioría do sector servizos e a comunidade educativa, agás nalgunhas materias nas que a lei esixe o contrario, empregan case exclusivamente o castelán nos ámbitos de uso escrito e oral tanto formais como informais.
- A infravaloración do idioma, debido a un sentimento de inferioridade que lles fai empregar o castelán como unha forma de reafirmación e de identificación cos sectores que o empregan case en exclusiva.

Esta situación resulta sorprendente tendo en conta que a maioría da poboación é mariñeira e a urbana é **escasa** respecto ao mundo rural. Non só se observa nas xeracións máis novas senón entre toda a poboación, aínda que a de máis idade tende a abandonar o castelán ao falarlle en galego, lingua na que acaban instalándose. Nas zonas rurais o idioma empregado pola xente maior é o galego, aínda que tenden a cambiar para comunicarse cos máis novos.

4. AS FAMILIAS

Aínda que existe un número significativo de familias extensas nas que conviven tres xeracións distintas, a maioría de familias responden ás seguintes características

- a. Familias nucleares nas que un matrimonio convive cos seus fillos, entre un e dous no caso das familias autóctonas e entre dous e tres entre as familias inmigrantes.
- b. Aínda que cunha porcentaxe baixa no que respecta ao total da poboación, si se comeza a detectar un número cada vez maior de familias monoparentais como consecuencia tanto dunha decisión persoal como froito da evolución social dos últimos anos.

5. O ALUMNADO

O tipo de poboación do Concello dá lugar a un alumnado bastante homoxéneo e que convive pacificamente. Aínda que existen problemas illados de indisciplina, podemos asegurar que a practica totalidade do alumnado é respectuoso e cumpre as normas de convivencia.

6. RELACIÓN CON OUTRAS INSTITUCIÓN

O centro ten unha relación de colaboración coas seguintes organismos e institucións:

- **Concello:** co que colabora en aspectos fundamentalmente deportivos e culturais, así como cunha estreita relación co departamento de educación familiar que nos permite un mellor coñecemento das familias e alumnado, así como unha mellor actuación á hora de atallar posibles problemas.
- **Colexio de educación primaria CEIP Manuel Fraga Iribarne** adscrito ao centro, existindo unha estreita colaboración que nos permite concertar reunións para coñecer de primaria man as características familiares e académicas do alumnado de nova incorporación.
- **Asociacións deportivas:** desenvolvendo obradoiros ou actividades extraescolares que poidan ser de interese para o alumnado e/ou familias.

7. VALORES E PRINCIPIOS PRIORITARIOS

O centro aposta por potenciar algúns dos valores e principios recollidos na Constitución Española e que consideramos importantes neste contorno social, económico e cultural:

- A Tolerancia
- A Solidariedade
- A Convivencia e a xestión pacífica dos conflitos
- O respecto á diversidade apostando pola pluralidade lingüística, relixiosa e cultural dos distintos pobos.
- A igualdade de xénero e a coeducación.

Estamos nun centro de titularidade pública, polo tanto, ao ser o Estado aconfesional non nos adscribimos a ningunha confesionalidade relixiosa concreta, somos respectuosos con todas as crenzas e ideoloxías. Para o ensino da relixión católica atémonos ao disposto na lexislación vixente.

O centro será ideoloxicamente pluralista, especialmente nas vertentes política e relixiosa. Isto supón respecto cara a todas as ideoloxías e crenzas, sen prexuízo das minorías.

O alumnado ten dereito a recibir informacións obxectivas e correctas para que progresivamente vaia formando os seus propios criterios e, analizando a realidade, poida tomar decisións responsables que lle permitan estar aberto ás situacións de cambio que se produzan na sociedade e que fagan deles cidadáns libres, xustos e solidarios. Para o profesorado garántese a liberdade de cátedra, sempre que non vaia en contra das notas de identidade do instituto e das disposicións legais.

8. CARACTERÍSTICAS SINGULARES DO CENTRO

ALUMNADO

O número de alumnos e alumnas nos últimos anos mantense estable en torno aos 170 alumnas e alumnos.

OFERTA EDUCATIVA

A oferta do centro é a seguinte:

- Educación Secundaria Obrigatoria (1º ESO, 2º ESO, 3º ESO, 4º ESO).
- Bacharelato nas modalidades de Ciencias e Humanidades (1º e 2º de Bacharelato).
- Educación Secundaria de Adultos: Módulo II (1º cuadrimestre), Módulo IV (segundo cuadrimestre).
- Ciclo Modular de Adultos: Sistemas microinformáticos e redes.

HORARIO

O centro permanece aberto tanto en horario de mañá como de tarde co seguinte horario lectivo:

- Para ESO e Bacharelato, en horario de mañá dende as 8:15 ata as 14:00 horas de luns a venres e en horario de tarde os luns dende as 16:00 ata as 17:40 horas.
- Para o ciclo formativo de grao medio "Sistemas microinformaticos e redes" e a Educación Secundaria de Adultos, o horario será polas tardes na franxa horaria que abarca dende as 16:00 a 20:25, podendo rematar antes algúns días, dependendo das horas semanais asignadas no ciclo as cales varían dependendo do ano.

As tardes dos luns, martes, mércores e xoves destínanse a actividades extraescolares así como reunións (claustros, CCPs, Consellos Escolares, xuntas do ANPA (Luns no local da ANPA, etc.) e exames, estando sempre presentes un cargo directivo e un subalterno (o horario das actividades extraescolares pormenorízase no Programa Anual de Actividades Extraescolares e Complementarias).

PROFESORADO

Nos últimos anos o claustro está composto por 30 profesores/as, 28 deles/as con destino definitivo no centro.

PERSOAL DE ADMINISTRACIÓN E SERVIZOS

O persoal non docente é estable e está integrado por :

- 3 limpadoras, unha delas a media xornada.
- 1 auxiliar administrativo.
- 2 conserxes

SERVIZO DE TRANSPORTE

O centro conta con servizo de transporte a cargo da empresa Arriva. As rutas existentes son:

RUTA	PERCORRIDO
S.01 ENTRADA (ordinario, 25') / ENTRADA/SAÍDA (mediodía, 25')	IES Cabo Ortegal - A Ortigueira – Reboredo – Reboredo 2 – Sismundi - Cabanán – Cubilote – Río da Cruz – Landoi – Seixo – Feás Esteiro – Feás Barral.
RUTA S.01 SAÍDA (ordinario, 34')	IES Cabo Ortegal – Casas Novas – Fontao – Cerca – A Cova – Figueiroa Fonte – Figueiroa - A Ortigueira – Reboredo – Sismundi - Cabanán – Cubilote – Río da Cruz – Landoi – Seixo – Feás Esteiro – Feás Barral.
RUTA S.02 ENTRADA (ordinario, 16') / ENTRADA-SAÍDA (mediodía, 10')	IES Cabo Ortegal – Casas Novas – Fontao – Cerca – A Cova – Figueiroa Fonte – Figueiroa.
RUTA S.03 ENTRADA/SAÍDA (ordinario- mediodía, 15')	IES Cabo Ortegal - A Cofradía -Pedra Chantada - Cariño Arriba

9. OBXECTIVOS PRIORITARIOS

Os obxectivos a perseguir polo centro serán:

1. Potenciar a aprendizaxe por competencias do alumnado.
2. Incrementar a porcentaxe de alumnado titulado na ESO e Bacharelato.
3. Motivar ao alumnado para realizar estudos posteriores á etapa educativa na que se atopa.
4. Traballar por unha maior implicación no proceso de orientación do alumnado (incluíndo evidentemente ás familias), non só nos aspectos relacionados cos estudos e as saídas profesionais, senón tamén coa problemática persoal e os posibles conflitos que se presenten.
5. Posibilitar unha educación en condicións de igualdade, prestando especial atención ao alumnado con NEAE, de xeito que se garanta unha educación de calidade que leve a unha igualdade de oportunidades.
6. Traballar para a consecución ao final do ensino obrigatorio da plena competencia lingüística real nas dúas linguas oficiais por parte do alumnado e para a plena valoración de ámbalas dúas.

7. Fomentar a participación do alumnado na dinámica do centro.
8. Incrementar a participación da ANPA na vida do centro.
9. Mellorar as distintas canles de comunicación entre o centro e as familias.
10. Coñecer o grao de satisfacción do alumnado e das familias co centro a fin de detectar aqueles aspectos peor valorados e tomar medidas para a mellora do clima existente.
11. Mellorar a orde e a convivencia no centro.
12. Dotar ao centro dunha normativa clara e detallada que regule e axude a unha boa convivencia.
13. Promoción da igualdade entre mulleres e homes, focalizada na transmisión desta idea aos rapaces e rapazas.
14. Especial intolerancia con calquera tipo de discriminación por razón de sexo que se poida dar.
15. Prestarlle especial atención á elaboración e actualización dos distintos documentos que integran o PE do centro.
16. Seguir co proceso de mellora dos recursos e as infraestruturas do centro, así como continuar concienciados polo seu estado e limpeza.
17. Especialmente, mellorar a dotación en recursos informáticos e en material didáctico do centro.
18. Facilitar o uso das TIC de xeito que ningún alumno teña problemas para poder utilizar estes recursos.
19. Fomentar a participación do centro nos distintos programas convocados pola Consellería.
20. Apoiar os programas de dinamización de linguas estranxeiras.
21. Promover de xeito especial o uso da lingua galega no centro, dada a posición desfavorecida na que esta se atopa na contorna.
22. Apoiar o Plan Lector do centro, potenciando o bo funcionamento da biblioteca escolar.
23. Promover e dar publicidade ao ciclo formativo de grado medio que se imparte no centro.
24. Racionalizar baixo criterios pedagóxicos a elaboración dos horarios para axudar a mellorar a atención e o rendemento do alumnado.
25. Mellorar a comunicación entre os titores e resto do profesorado de cada un dos grupos.
26. Mellorar a coordinación horizontal do profesorado dos diferentes grupos e niveis.
27. Promover a avaliación das prácticas educativas levadas a cabo durante o curso.

28. Racionalizar os criterios sobre saídas do alumnado de xeito que sempre se busque acadar uns obxectivos formativos, obxectivos que se recollerán anualmente na PXA.
29. Enriquecer o currículo do profesorado apoiando e impulsando novas iniciativas pedagóxicas.
30. Favorecer un bo ambiente de traballo e fomentar a colaboración e compromiso do profesorado.
31. Coidar de que o persoal non docente desenvolva o seu traballo nas mellores condicións posibles e cos medios máis axeitados.
32. Favorecer a comunicación e cooperación co Concello e as distintas asociacións culturais do entorno.
33. Impulsar a comunicación e coordinación con outros centros educativos.

10. MEDIDAS PRIORITARIAS. LIÑAS DE ACTUACIÓN

Tendo en conta os diferentes sectores da comunidade educativa, as medidas prioritarias do centro ao longo destes anos son:

ALUMNADO

O alumnado é a razón do noso traballo, sen estudantes non hai profesores. É por iso que, con respecto a el, propóñense as seguintes liñas de actuación:

- Tendo en mente a necesidade de incrementar a nunca suficiente participación do alumnado na dinámica do centro, amósasenos como fundamental o mantemento dun contacto fluído cos delegados e delegadas de curso, dado que son o transmisor dos problemas e dificultades que o grupo experimenta ao longo do ano. Neste sentido, cremos necesario comezar motivando e orientando correctamente ao grupo de cara a efectuar unha correcta elección do seu representante. Consideramos unha boa idea facelo deseñando e implementando algún tipo de dinámica que os guíe neste proceso. A mellor maneira de que tomen conciencia das responsabilidades que carrega o nomeamento é dotalo de contido, cousa que non sempre se consegue totalmente. Consideramos crucial neste sentido impulsar o efectivo funcionamento da xunta de delegados.
- Consideramos que pode ser de especial interese a realización de algún tipo de enquisa de satisfacción ao alumnado. Unha enquisa na que se lles pida opinión sobre os máis diversos asuntos do centro. Somos conscientes da dificultade de interpretación que poden ter as valoracións resultantes da mesma, así como do nivel de fiabilidade que se lles pode e debe dar, pero aínda así poden amosar certas tendencias que nos proporcionen pistas sobre cales son para o alumnado as fortalezas e posibles

debilidades do centro. Cremos ademais que o mero feito de demandar a opinión do alumnado sobre cuestións relevantes da vida do centro axudaranos a transmitirles a idea de que se lles ten en conta, o que cremos se converterá nun estímulo para a súa participación, na liña do que antes comentabamos.

- Elaborar e analizar conxuntamente estatísticas sobre o índice de éxito escolar no instituto e buscar colectivamente solucións aos problemas detectados.
- Continuarase coa organización de agrupamentos e reforzos no ensino obrigatorio para atender ao alumnado con dificultades de aprendizaxe co obxectivo de tentar paliar o fracaso escolar. Incidirase sempre na importancia dunha boa implementación das medidas de atención á diversidade.
- Sendo consciente das dificultades coas que nos atopamos á hora de confeccionar os horarios, traballarase para intentar distribuír as materias a impartir diariamente en cada curso de xeito que non se acumulen as que lles supoñen un maior esforzo e concentración nas últimas horas, onde o rendemento e a atención do alumnado semellan baixar considerablemente. Así mesmo, evitaremos a distribución semanal de sesións dunha materia con pouca carga horaria en días consecutivos cando sexa posible distribuílas en días alternos.
- Seleccionar as actividades extraescolares por nós ofertadas priorizando aqueles aspectos que poidan supoñer unha axuda ou un estímulo ao rendemento académico ou ao desenvolvemento persoal dos nosos alumnos (axuda ao estudo, obradoiros de materias instrumentais, artes...)
- Seleccionar as saídas escolares priorizándoas en base ao seu xustificado interese pedagóxico, potenciando a súa organización e tendo en conta o necesario investimento.
- Implicar ao alumnado na limpeza e mantemento do seu centro. Será prioritario que o alumnado considere o centro como seu como paso previo ao coidado do mesmo. Continuaremos organizando campañas de limpeza nas horas de titoría para potenciar este punto.
- Orientar de forma idónea ao alumnado na continuidade dos seus estudos, destacando aqueles momentos (pensamos aquí en 4º de ESO e 2º de Bacharelato) nos que se teñen que enfrontar a eleccións que teñen importantísimas consecuencias no seu futuro académico e mesmo laboral. Tarefa do Equipo de Orientación, pero tamén tutorial, debe ser acompañar ao alumnado e ás familias nestas decisións, organizando sesións e xuntanzas dedicadas ao seu asesoramento. Falamos de axudarlles a descubrir os seus

intereses, amosarlles as opcións que se lles abren ante si, previlos das repercusións de optar por unha ou outra vía...

- Nos últimos anos véñense realizando unha xornada de acollida aos alumnos de 6º de primaria do CEIP Manuel Fraga Iribarne, dado que a práctica totalidade dos mesmos se incorporará para o curso seguinte á ESO no noso centro. Este primeiro achegamento, no que os rapaces son acompañados polos seus titores, amósasenos como a mellor toma de contacto posible co que vai ser a súa casa nos próximos anos, fomentando esa conexión emocional co centro da que falabamos anteriormente. Continuar con esta celebración en anos vindeiros amósasenos polo tanto fundamental.
- A mesma imaxe positiva de todo o proceso educativo cremos que transmite a cerimonia de graduación que se celebra ao remate do 2º curso de bacharelato, co que apostaremos tamén pola súa consolidación.
- Velar polo correcto coñecemento e cumprimento das Normas de Organización e Funcionamento do Centro entre o alumnado. As sesións de tutoría poderían ser o entorno axeitado para a súa difusión.
- Continuar na mesma liña de actuación que hoxe en día nos está permitindo avanzar na mellora da orde e a convivencia no noso centro, apostando porque calquera sanción que nos vexamos obrigados a impoñer estea dotada dun marcado carácter educativo.
- Fomentar a mediación como medida para resolver conflitos.
- Aproveitar plenamente a aula de convivencia, sendo conscientes das posibilidades que nos ofrece á hora non só de sancionar, senón tamén de corrixir os comportamentos disruptivos.
- Aproveitar, a través da análise trimestral da evolución da orde e a convivencia entre o alumnado do centro, as posibilidades que nos ofrecen o Observatorio de Convivencia, o Consello Escolar e o Claustro de profesores como órganos representativos de reflexión e acción colectiva da comunidade escolar.
- Adoptar medidas de corrección ou mesmo sanción ante calquera situación detectada no centro referida á discriminación por razóns de sexo entre alumnos e alumnas.

FAMILIAS

O labor do profesorado perde gran parte do seu sentido sen a colaboración da familia, soporte da educación dos rapaces. Por iso consideramos fundamental actuar para incentivala e aumentala seguindo as seguintes liñas:

- Aproveitar e potenciar o uso da nova aplicación “Abalar móbil”, cuxo proceso de implantación vimos de iniciar, como medio efectivo de contacto entre os membros da comunidade educativa (familias, titores, profesorado, equipo directivo...).

- Aproveitar así mesmo outras vías de comunicación xa existentes como a páxina web do IES (traballouse durante o presente curso para que estivese optimamente actualizada, se ben está pendente acadar o obxectivo de que cada un dos bloques recolla toda a información de interese), o correo electrónico ou mesmo as redes sociais.
- Ao igual que propuxemos no caso dos alumnos, e motivada polos mesmos intereses en canto á recollida de información e incentivamente da participación, realización dunha enquisa de satisfacción que reflecta a opinión das familias sobre diversas cuestións relacionadas co noso centro.
- Ademais, realizarase, en coordinación co Departamento de Orientación, unha sondaxe xeral de intereses académicos e profesionais das familias.
- Axudar ás familias a que coñezan con detalle a normativa do noso sistema educativo para orientar de modo correcto as decisións que o alumnado deba tomar.
- Organización dunha xornada de presentación do IES, coa presenza dos titores e do equipo directivo, destinada aos pais do alumnado de nova incorporación ao centro.
- Vimos de instaurar a realización, para cada nivel, dunha xuntanza de inicio de curso entre os titores e os pais e nais do seu alumnado, como primeira toma de contacto entre eles, amosando a nosa dispoñibilidade de cara ás familias e aportándolles dende o primeiro momento información do seu interese. Estamos decididos a consolidar esta iniciativa dada a súa boa acollida.
- Apoiar á ANPA no seu cometido, consolidando o clima de diálogo e colaboración existente na actualidade, e, tal e como se veu facendo no presente curso, intentando darlle a maior difusión posible ás súas actividades e á asociación mesma entre as familias do centro.

PROFESORADO

Axudar ao profesorado na fundamental tarefa que desempeña, creando as condicións que lle permitan desenvolverla co máximo grado de satisfacción e co maior dos recoñecementos, debe centrar gran parte dos esforzos dun equipo de dirección. Con isto relacionamos as seguintes actuacións:

- Favorecer un bo clima de traballo entre compañeiros apoiando todas aquelas iniciativas que poidan contribuír a coñecernos mellor.
- Ao igual que propuxemos no caso do alumnado e das súas familias, a realización dunha enquisa de satisfacción dirixida ao profesorado do centro pode chegar ao Equipo Directivo valiosa información no tocante ás preocupacións que este

experimenta, así como a cales son os aspectos da nosa xestión que se ven positivamente valorados.

- Sentar as bases para que exista unha efectiva comunicación e coordinación entre o profesorado (departamentos, titores do mesmo nivel, equipos...) e entre este e o Equipo Directivo. Así, buscaríamos facilitar a convocatoria de reunións, con carácter mensual e levantando acta destas, dos titores de nivel co orientador do centro, así como dos departamentos, dos equipos educativos e da CCP. No caso das que non dispoñen dunha hora reservada, e sendo conscientes das dificultades que isto supón a nivel de organización de horarios, podería organizarse algún tipo de coincidencia entre o profesorado implicado, como por exemplo nas gardas. No caso de que tal cousa se nos amosara como imposible, tentariamos promover o traballo en común a través doutras canles, como é o caso da rede.
- Asegurando a comunicación do Departamento de Orientación cos titores/as dos diferentes grupos, pretendemos posibilitar a elaboración e posta en práctica de estratexias conxuntas de intervención naqueles casos que así o requiran.
- Procurar que o profesorado se atope puntualmente informado no referente ás características e peculiaridades que a LOMCE vai introducir no noso sistema educativo.
- Contribuír a un maior coñecemento da PXA por parte do profesorado, implicándoos activamente na súa elaboración e cumprimento.
- Fomentar a discusión do Plan de Acción Titorial, así como unha posta en práctica real do mesmo.
- Continuar impulsando a análise trimestral dos resultados académicos a través do claustro e a CCP e propoñer estratexias conxuntas para a resolución dos problemas atopados.
- Axudar a que o profesorado intensifique o seu proceso de reflexión sobre as propias prácticas educativas. Na busca de que as avaliacións das programacións (así como da práctica titorial ou do traballo dos distintos equipos) sexa máis áxil e produtiva, deseñaremos un formato común sobre o que traballar que incida nos aspectos que nos resultan máis proveitosos (grado de cumprimento, cambios introducidos, propostas de mellora...).
- Continuar na liña iniciada nestes últimos anos en relación ao establecemento e uso de indicadores comúns a todas as áreas para a avaliación en Competencias do alumnado, tendo en conta os beneficios que telos presentes aporta á hora de traballalas.

- Impulsar a formación continua do profesorado do centro, mantendo puntualmente informados aos departamentos das distintas posibilidades de formación que se presenten.
- Unha das ideas recollidas no noso proxecto anterior ía na liña de promover, mediante cursos de formación, a actualización do profesorado en Competencias Básicas. Neste sentido, durante o presente curso, máis de media ducia de membros do profesorado, entre os que me atopo, estamos a formar parte dun grupo de traballo denominado “Programación, desenvolvemento e avaliación de competencias clave segundo os novos currículos”. O traballo realizado debe servirnos para abordar os cambios que a este respecto introduce o currículo da LOMCE cuxo borrador vimos de coñecer.
- Se ben somos conscientes de que se trata dunha opción moi persoal e que leva consigo un grande esforzo por parte do profesorado, continuaremos a animalos a mellorar a súa capacitación en linguas estranxeiras de cara a aumentar as nosas posibilidades de albergar novas Seccións Bilingües no centro.
- En relación a estes dous últimos aspectos, cremos que a formación en centro resulta dende logo unha opción moi interesante, se ben nos resulta moi difícil propoñer algo neste sentido, dadas as tremendas dificultades organizativas que resultan do feito de que a práctica totalidade do profesorado resida lonxe de Cariño.
- Fomentar a formación no respecto dos dereitos e liberdades e da igualdade de mulleres e homes.
- Promover accións específicas encamiñadas a reducir calquera tipo de desigualdade de xénero.
- Aplicar activamente principios pedagóxicos de respecto á identidade e á imaxe das mulleres.
- Animar aos diferentes departamentos, e ao profesorado en xeral, a poñer en práctica ideas innovadoras para o desenvolvemento do currículo, aínda cando estas requiran dun compromiso organizativo por parte da Dirección.

PERSOAL DE ADMINISTRACIÓN E SERVIZOS

Todo o que recollemos ata o de agora necesita dun clima de normalidade no que respecta ao bo funcionamento das instalacións do centro, o que converte ao Persoal de Administración e Servizos en indispensable. Non podemos, pois, esquecernos deles á hora de planificar o nosa labor. Será necesario:

- Ser receptivos á hora de escoitar, valorar e ter en conta calquera proposta encamiñada a un mellor funcionamento do centro que o persoal lle faga chegar á Dirección.

- Incluir ao Persoal de Administración e Servizos nas enquisas de satisfacción do centro comentadas no punto anterior.
- Velar para a plena igualdade de todo o persoal, docente ou non docente, do centro, así como para que o persoal de administración e servizos sexa xustamente valorado e respectado polo conxunto da comunidade educativa no desempeño das súas funcións.
- Fomentar a participación destes traballadores no Consello Escolar, así como en calquera outro dos órganos no que se require a súa presenza.

CENTRO

As liñas de actuación en canto aos nosos recursos e instalacións serán as seguintes:

- Potenciar a biblioteca como pilar fundamental do centro. Debemos traballar para integrar a biblioteca como recurso para todos os departamentos e non soamente para as áreas de lingua. Fomentaremos que o profesorado das distintas áreas propoña a adquisición de fondos no referente a lecturas de divulgación atractivas para o alumnado. Porén, hai que ser conscientes de que este espazo non pode permanecer reservado aos rapaces, tamén o resto da comunidade educativa debería sentir que pode facer uso del cando o considere oportuno.
- Apoiar ao equipo de biblioteca nas tarefas propias de dinamización da mesma. Fomentar a colaboración do profesorado en tales tarefas, animándoos así mesmo a que realicen formación específica neste ámbito.
- Recalcar a importancia que supón para o centro continuar a participar nas convocatorias do Plan de mellora de bibliotecas escolares.
- Seguir traballando na mellora das instalacións relacionadas coas TIC. Completar o proceso de renovación de equipamento informático e material multimedia, desenvolto nos últimos anos con cargo ao orzamento do centro, demandando ante a administración un último esforzo para a substitución do equipamento obsoleto que continúa en funcionamento.
- Abrir, na medida do posible, os recursos informáticos do centro aos alumnos en horario de tarde co obxecto de facilitar a súa utilización de xeito compensatorio á aqueles que non os posúan no seu domicilio.
- Fomentar a participación do profesorado, do alumnado e das familias na páxina web do centro.
- Consolidar o estrito control do gasto implementado no último período, no que unha maior eficiencia á hora xestionar os nosos recursos, nos posibilitou o poder destinar o orzamento sobranante a outros moi necesarios fins. Optimizar os recursos dos que xa dispoñemos.

ADMINISTRACIÓN

Ímonos referir neste apartado ás relacións do noso centro coa Administración, principalmente a través dos distintos plans e proxectos que, co soporte da Consellería de Educación se veñen nel desenvolvendo. Igualmente trataremos algún aspecto relacionado cos devanditos plans. Traballaremos para:

- Incentivar unha sólida achega dos distintos departamentos á hora de elaborar e revisar cada un dos documentos que integran o PEC.
- As achegas dos distintos elementos da comunidade educativa á hora de actualizar o NOF son moi valiosas, polo que debemos buscar unha participación máis activa por parte de tódolos axentes que a compoñen a hora da súa revisión, promovendo un sólido debate que favoreza o seu coñecemento.
- Se ben o noso centro non presenta casos de absentismo relevantes entre o alumnado, deberemos seguir tendo presente a normativa sobre esta materia de cara ao tratamento de calquera novo caso co que nos puidésemos atopar.
- Impulsar a incorporación do noso centro en calquera novo plan que convoque a Consellería, buscando situarnos en todo momento á vangarda do noso sistema educativo. Sen esquecermos obviamente, de consolidar a nosa participación nos distintos plans nos que xa vimos tomando parte.
- Continuar a valorar do xeito que se merecen os recursos das Aulas Abalar, promovendo de xeito constante o seu uso entre o profesorado que imparte clase nas mesmas, así como permanecer atentos a calquera novidade que nos afecte neste ámbito, como a plataforma de contidos curriculares dixitais que a Consellería vén de poñer en marcha.
- Reelaborar o Proxecto Lingüístico de Centro, levándoo á práctica de xeito que se converta nunha ferramenta plenamente útil de cara á normalización da lingua galega, que non goza precisamente dunha posición privilexiada neste centro. Deberemos incentivar a participación de todos os Departamentos na súa elaboración, así como apoiarnos nun estudo sociolingüístico da zona que nos marque os ámbitos nos que será preciso actuar e os aspectos nos que será necesario incidir en maior medida.
- Velar polo estrito cumprimento das disposicións legais vixentes en materia de utilización da lingua galega nos ámbitos interno e de comunicación externa do IES.
- Apoiar o desenvolvemento das actividades organizadas polo Equipo de Dinamización da Lingua Galega, posibilitando que poidan, incluso, traspasar os muros do noso centro.

- Apoiar e favorecer os programas de dinamización de linguas estranxeiras. Fomentarase a participación, tanto do alumnado como do profesorado, nos programas que adoita poñer ao noso alcance a Consellería de Educación para a súa aprendizaxe.
- Asegurar a continuidade das Seccións Bilingües existentes actualmente neste IES, así como traballar para lograr superar os atrancos que se nos presentan para a súa ampliación.
- Animar ao profesorado para que as recomendacións e propostas recollidas no Plan lector se trasladan á aula de xeito efectivo.

CONTORNO DO CENTRO

Ás veces, o correcto funcionamento dun centro non só depende das persoas que integran a comunidade educativa, senón tamén do entorno que o rodea e das institucións coas que se relaciona. É por iso que tamén debemos ter en conta o que temos ao noso redor á hora de trazar as nosas liñas de actuación:

- Continuaremos coas relacións de comunicación e entendemento tanto co centro de primaria do noso concello coma cos centros de concellos limítrofes que poden acoller a alumnos deste IES cando optan por continuar os seus estudos no campo da formación profesional.
- Seguiremos propiciando reunións periódicas co equipo directivo do CEIP Manuel Fraga Iribarne encamiñadas a obter información previa do alumnado de prevista incorporación ao noso centro.
- Na mesma liña de colaboración co CEIP veciño, durante o presente curso iniciáronse frutíferas vías de colaboración entre os equipos de Dinamización da Lingua Galega de ambos centros que foron dende a coordinación entre os mesmos e entre eles e o Concello á organización de actividades conxuntas. É a nosa intención seguir propiciando estas reunións de coordinación entre ambos equipos.
- Dar a coñecer no noso entorno a existente oferta educativa da que dispón o noso centro no que á educación postobrigatoria se refire, tendo en conta que esta pode resultar interesante para persoas que non forman parte da nosa comunidade educativa.
- Durante este último ano buscamos, e cremos que conseguimos, fortalecer os lazos co Concello, aproveitando as posibles sinerxías que puidesen xurdir da colaboración co mesmo e tentando aproveitar tamén todos os recursos e instalacións que se atopan ou se puidesen poñer á nosa disposición. Continuaremos traballando nesta liña independentemente da composición da corporación municipal que resulte das inminentes eleccións locais.

- Colaborar a través de Xefatura de Estudos, do Departamento de Orientación e mesmo das titorías cos Servizos Sociais do Concello ante calquera situación na que se amosase como necesario.
- Impulsar o inicio dunha colaboración máis estreita coas asociacións culturais activas no concello, aproveitando a posibilidade de traballar obxectivos comúns, como poden ser a difusión da lingua e cultura galegas ou os hábitos de ocio saudables.

11. ORGANIGRAMA

ÓRGANOS DE GOBERNO	UNIPERSOAIS	Director/a	
		Vicedirector/a	
		Xefe/a de Estudos	
		Xefe/a de Estudos de adultos	
		Secretario/a	
	COLEXIADOS	Consello Escolar	Director/a
			Xefe/a de Estudos
			Xefe/a de Estudos de adultos
			Secretario/a
			7 representantes do profesorado
			4 representantes do alumando
			3 representantes de nais e pais
			1 representante do PAS
			1 representante do Concello
Claustro de profesores			

ÓRGANOS DE COORDINACIÓN DOCENTE	DEPARTAMENTOS	Lingua Castelá e Literatura
		Lingua Galega e Literatura
		Inglés
		Francés
		Latín e Grego
		Ciencias Sociais, Xeografía e Historia
		Matemáticas
		Educación Física
		Informática
		Bioloxía e Xeoloxía
		Física e Química
		Educación Plástica e Visual
		Tecnoloxía
		Economía
		Filosofía
		Música
		Relixión
Orientación		
COMISIÓN DE COORDINACIÓN PEDAGÓXICA		
EQUIPO DE DINAMIZACIÓN DA LINGUA GALEGA		
EQUIPO DE BIBLIOTECA ESCOLAR		